

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PÚBLICA PARA ADXUDICAR O SERVIZO DENOMINADO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña

RESPUESTA Á CUESTIÓN PLANTEXADA POR GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.

Visto o escrito remitido a este Concello pola empresa **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.**, ao respecto de determinadas cuestións referidas á licitación do **O SERVIZO DENOMINADO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da**

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP):

CONTIDO DO SOBRE B: se plantea un modelo de proposición Económica. No se menciona la inclusión de la proposición técnica aunque si se contempla en el enunciado del apartado. Debe incluirse en el sobre B?

A cláusula 10.2 do prego de administrativas particulares establece expresamente que o sobre B “conterá a oferta técnica e económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do imposto sobre o valor engadido”.

Se ben o modelo de proposición incluído na propia cláusula se denomina “proposición económica”, como pode apreciarse da súa simple lectura, este abarca tanto os aspectos técnicos como económicos da proposta, debendo incorporarse todos no mesmo sobre, e figurando no mesmo modelo de proposta en virtude da natureza obxectiva que comparten.